

Abril 2018

A CIG-Ensino reclama que se cumpra a normativa e que se garanta que o sistema selectivo docente sexa un concurso-oposición real

O sindicato nacionalista detectou que, en boa parte das especialidades, sobre todo dos corpos de Secundaria, nos últimos anos só aproban a fase de oposición o mesmo número de persoas ou un número lixeiramente superior ás prazas ofertadas. Deste xeito, a fase de concurso só serve para ordenar por nota as persoas previamente aprobadas.

Coincidindo con que nas próximas datas se vai celebrar o sorteo dos membros dos tribunais -que serán os encargados de vulgar o procedemento selectivo mediante o que se convocan 2.050 prazas docentes este ano, agás da presidencia dos mesmos que, como sabemos a Consellaría seguirá nomeando a dedo-, instamos á administración a que vele porque se cumpra a normativa da convocatoria e este sexa un concurso-oposición real. Respectando en todo momento a imparcialidade e a potestade que teñen os tribunais, o que está claro é que a tendencia dos últimos anos, sobre todo nas especialidades do corpo de Secundaria, amosa que practicamente **chegan á fase do baremo de méritos as mesmas persoas que prazas ten que outorgar cada tribunal**. Isto non só desvirtúa o espírito do proceso selectivo, senón a propia orde que regula a convocatoria ao acabar sendo exclusivamente

unha oposición.

Segundo un estudo realizado polo sindicato, en 2017 no **corpo de Mestres** pasaron á fase de concurso **830 persoas**, para un total de **400 prazas**. É dicir algo máis

do dobre. Porén, nos **corpos de Secundaria** practicamente foi igual o número de prazas adxudicadas que o de persoas aprobadas. Como se pode ver na táboa anexa, nas oposicións do ano pasado tan só houbo **39 persoas**

Datos das oposicións de 2017	Corpo de mestres	Corpos de Secundaria
Persoas presentadas	6210	6487
Prazas convocadas	400	512
Prazas adxudicadas	399	484
Diferenza	-1	-28
Opositores/as que chegaron ao concurso	830	523
Persoas que aprobaron pero non obtiveron praza	431	39
% de persoas que accederon ao concurso sobre o total de presentadas	13,37%	8,06%
% de persoas que accederon ao concurso sobre o total de aprobadas na oposición	208,02%	108,06%
% de persoas aprobadas sen praza sobre total de aprobadas na oposición	108,02%	8,06%

que aprobaron sen obter praza. En todo o conxunto de especialidades, nas quendas de acceso libre e de persoas con discapacidade, chegaron á fase de concurso un total de **523 opositores/as para un total de 484 prazas** finalmente adxudicadas. É dicir **tan só un 8% das persoas que se presentaron á oposición accederon á fase de concurso.**

Nas especialidades do corpo de mestres, malia que cuantitativamente foron máis, en termos porcentuais tamén é unha cantidade moi baixa, con **só o 13% dos aspirantes totais que se presentaron** ás probas. Así pois, estas cifras demostran o que desde a CIG-Ensino vimos reclamando reiteradamente: que os tribunais teñen que traballar con todas as garantías e a liberdade posíbel para avaliar os e as aspirantes sen ningún tipo de presión temporal. Para iso incidimos en que sexa unha comisión técnica a que realice a baremación dos méritos e en que se nomeen máis tribunais por especialidade co obxectivo de que se reverta esta tendencia que é propia dos últimos anos. Deste xeito os tribunais contarían cunha menor presión temporal e poderían centrarse na fase de oposición e cun menor número de persoas aspirantes. Cómpre lembrar que durante o sistema transitório, no que ningunha proba era eliminatória, todos os opositores e opositoras chegaban á fase de concurso (aínda que para aprobar había que acadar un 5 en total en todas

as probas da oposición), polo que non estamos pedindo algo que sexa novidoso nin extraordinario.

Acceso diferenciado

Desde a CIG-Ensino insistimos na nosa proposta de implantar unha dobre vía de acceso á función pública docente convocando, por un lado, as vacantes que nestes momentos están ocupadas por persoal interino e, por outro, as xubilacións que se producen cada curso. A maiores, habería que sumar as 3.000 prazas que se perderon nos últimos oito anos debido á conxelación da taxa de reposición e á amortización de xubilacións. Sumando toda esta cantidade de postos de traballo dá unha cifra suficientemente relevante para permitir que existan todos os anos convocatorias de concurso-oposición razoábeis e á vez manter unha bolsa estábel de persoal interino nas distintas especialidades.

En calquera caso, a posibilidade de recuperar as prazas perdidas nestes momentos non existe porque o Acordo de Mantemento do Emprego asinado pola Xunta e polas organizacións sindicais CC.OO, UGT, CSIF e ANPE, tal e como se pode comprobar no seu texto literal, impide o aumento de persoal.

Acordo de estabilidade

Dada a situación de incerteza actual, coa convocatoria na Oferta Pública de Emprego para 2018 de case todas as prazas que nestes momentos ocupa o colectivo de interinos e interinas das especialidades convocadas, e a ausencia real dun concurso-oposición, de cara ao vindeiro curso académico pode darse a situación de que este persoal pase a realizar substitucións ou directamente ao desemprego. Isto afectaría fundamentalmente a profesorado de avanzada idade e con bastantes anos de servizo no ensino público.

Desde a CIG-Ensino entendemos que só se pode evitar esta situación se se actúa con valentía por parte da Consellaría de Educación e dos sindicatos que apoian estes procesos. Para iso propoñemos que o acordo de persoal interino e substituto se converta nun acordo de estabilidade, no que se garanta o rescate daquelas persoas que poidan perder o seu posto de traballo. Desde o sindicato xa lle trasladamos a nosa disposición a negociar este acordo á administración en varias ocasións, como na Mesa Sectorial na que se tratou a orde da convocatoria de oposicións, e volveremos poñer enriba da mesa este asunto nas

seguintes reunións que mantemos cos seus responsábeis.

Da resolución destes procesos non poderá derivarse, en ningún caso, incremento de gasto nin de efectivos, debendo ofertarse nestes procesos, necesariamente, prazas de natureza estrutural que se atopen desempeñadas por persoal interino ou eventual estatutario na mesma situación nos termos do Estatuto Marco do Persoal Estatutario dos Servizos de Saúde.

Fragmento do acordo entre CC.OO., CSIF, UGT e ANPE coa Xunta